

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5489 *Real decreto 243/2009, do 27 de febreiro, polo que se regula a vixilancia e control de traslados de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado entre Estados membros ou procedentes ou con destino ao exterior da Comunidade.*

Os traslados de residuos radioactivos e de combustible nuclear gastado están sometidos a unha normativa cuxos principios fundamentais se basean nos establecidos polos organismos internacionais existentes neste ámbito dos cales España forma parte -particularmente, a Comunidade Europea de Enerxía Atómica (EURATOM) e o Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), de Nacións Unidas-, que se refiren á seguranza do transporte destes materiais e ás condicións en que son almacenados, de maneira definitiva ou non, no país de destino.

Ademais do cumprimento desta normativa, a protección sanitaria dos traballadores, da poboación en xeral e do ambiente exige que os traslados de residuos radioactivos ou de combustible gastado entre Estados membros e os que entren ou saian da Comunidade estean suxeitos a un réxime común e obrigatorio de autorización previa. No caso de que o traslado saia da Comunidade, o país terceiro de destino non só debe ser informado do traslado, senón que, ademais, debe dar o seu consentimento ao respecto.

A Directiva 96/29/EURATOM, do Consello, do 13 de maio de 1996, pola que se establecen as normas básicas relativas á protección sanitaria dos traballadores e da poboación contra os riscos que resultan das radiacións ionizantes, que se aplica, entre outras actividades, ao transporte, á importación á Unión Europea e á exportación a partir dela de substancias radioactivas, establece un réxime de declaración e autorización das prácticas que implican radiacións ionizantes. Esta directiva foi incorporada ao noso ordenamento interno mediante o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e modificado polo Real decreto 35/2008, do 18 de xaneiro, e o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo.

Por outra banda, a Directiva 92/3/EURATOM, do Consello, do 3 de febreiro de 1992, relativa á vixilancia e ao control dos traslados de residuos radioactivos entre Estados membros ou procedentes ou con destino ao exterior da Comunidade, que foi incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 2088/1994, do 20 de outubro, estableceu un réxime de control estrito e autorización previa para os traslados de residuos radioactivos.

Aínda que a aplicación da citada normativa se pode considerar satisfactoria, á vista da experiencia adquirida considerouse oportuna a súa revisión, abordando situacións inicialmente non previstas, tratando de simplificar o procedemento establecido para o traslado de residuos radioactivos entre Estados membros e garantindo a coherencia con outras disposicións comunitarias e internacionais; especialmente coa Convención conxunta sobre seguranza na xestión do combustible gastado e sobre seguranza na xestión de refugallos radioactivos, feita en Viena o 5 de setembro de 1997, da cal España é parte desde o 30 de xuño de 1998 e á cal se adheriu EURATOM o 2 de xaneiro de 2006; ou a Directiva 2003/122/EURATOM, do Consello, do 22 de decembro de 2003, sobre o control de fontes radioactivas seladas de actividade elevada e das fontes orfas, incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas.

Esta revisión da Directiva 92/3/EURATOM levouse a cabo mediante a Directiva 2006/117/EURATOM do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativa á vixilancia e ao control dos traslados de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado, na cal,

ademais de clarificar os procedementos que se deben seguir, se inclúe como un dos seus aspectos máis innovadores a ampliación do seu campo de aplicación ás transferencias de combustible gastado, non só no caso de que este vaia ser destinado á almacenaxe definitiva, senón tamén cando se destine ao reprocesamento, o cal non estaba incluído no ámbito de aplicación da Directiva 92/3/EURATOM e, desde a perspectiva da protección radiolóxica, carecía de xustificación.

A citada Directiva 2006/117/EURATOM, do Consello, establece os procedementos necesarios de intercomunicación entre as autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, co fin de que calquera traslado de residuos radioactivos ou de combustible nuclear gastado conte co seu coñecemento e aprobación, sen que as autorizacións que na dita directiva se establecen eximan do cumprimento de ningún dos requisitos nacionais específicos aplicables a estes traslados nin substitúan ningunha das demais autorizacións que sexan preceptivas de acordo co dereito internacional, comunitario europeo e dos Estados membros.

Posteriormente, de conformidade co artigo 17 da dita Directiva 2006/117/EURATOM, a Decisión da Comisión 2008/312/EURATOM, do 5 de marzo, estableceu o documento uniforme para a vixilancia e o control dos traslados de residuos radioactivos e combustible gastado a que se refire o indicado artigo.

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a referida Directiva 2006/117/EURATOM do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativa á vixilancia e ao control dos traslados de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado, e a Decisión da Comisión 2008/312/EURATOM, do 5 de marzo, pola que se establece o documento uniforme para a vixilancia e o control dos traslados de residuos radioactivos e combustible gastado a que se refire a Directiva 2006/117/EURATOM, do Consello.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os axentes económicos sectoriais e sociais interesados, así como as comunidades autónomas. Tamén emitiu informe o Consello de Seguranza Nuclear.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 33 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea de Enerxía Atómica (EURATOM), este real decreto, en fase de proxecto, foi comunicado á Comisión da Unión Europea.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e recolle previsións de carácter procedemental e técnico, polo que a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento e, en consecuencia, encóntrase xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto dar cumprimento ao réxime comunitario de vixilancia e control dos traslados transfronteirizos de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado para garantir unha protección axeitada da poboación.

2. O disposto neste real decreto será de aplicación:

a) Sempre que España sexa Estado membro de orixe, destino ou tránsito de residuos radioactivos ou combustible nuclear gastado, e

b) Cando a actividade total e a actividade por unidade de masa do envío superen os niveis establecidos no artigo 3, número 2, letras a) e b), da Directiva 96/29/EURATOM do Consello, do 13 de maio de 1996, pola que se establecen as normas básicas relativas á protección sanitaria dos traballadores e da poboación contra os riscos que resultan das radiacións ionizantes.

3. Non será de aplicación:

a) Aos traslados de fontes en desuso a un subministrador ou fabricante de fontes radioactivas ou a unha instalación recoñecida.

b) Aos traslados de materiais radioactivos, recuperados mediante reprocesamento, para seren reutilizados.

c) Aos traslados transfronteirizos de residuos que conteñan unicamente material radioactivo natural que non resulte de prácticas, de acordo coa definición deste concepto establecida no Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo.

4. As autorizacións dos traslados que se concedan de conformidade con este real decreto non eximen do cumprimento de ningún dos requisitos específicos aplicables a estes en razón de calquera outra normativa a que estivesen sometidos nin substitúen outras autorizacións que sexan preceptivas de acordo co dereito internacional, comunitario europeo e español.

Artigo 2. Produtos resultantes do tratamento de residuos ou do reprocesamento de combustible gastado.

Este real decreto non afectará o dereito de España ou dunha empresa española a devolver os residuos radioactivos ao seu país de orixe despois do seu tratamento, nin a devolver ao país de orixe os residuos radioactivos recuperados como consecuencia de operacións de reprocesamento.

Os ditos traslados e exportacións serán obxecto de vixilancia e control de conformidade cos procedementos establecidos neste real decreto.

Artigo 3. Devolucións relacionadas con traslados non autorizados e con residuos radioactivos non declarados.

Este real decreto non afectará o dereito de España ou dunha empresa española a devolver, en condicións seguras, ao seu país de orixe:

a) Os envíos de residuos radioactivos e combustible gastado que estean comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto pero que non fosen debidamente autorizados de conformidade coa Directiva 2006/117/EURATOM, e

b) Os residuos que sufrisen contaminación radioactiva ou o material que conteña unha fonte radioactiva, cando estes non sexan declarados como residuos radioactivos polo país de orixe.

Artigo 4. Definicións.

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Residuos radioactivos»: todos os materiais radioactivos, en forma gasosa, líquida ou sólida, para os cales os países de orixe e destino, ou unha persoa física ou xurídica cuxa decisión sexa aceptada por estes países, non prevexan ningún uso ulterior, e que estean suxeitos a control do órgano regulador como residuos radioactivos segundo o marco lexislativo e regulamentario dos países de orixe e destino.

b) «Combustible gastado»: o combustible nuclear irradiado no núcleo do reactor e extraído permanentemente deste; o combustible gastado pode ser considerado como un recurso utilizable susceptible de reprocesamento, ou ben ser destinado á súa almacenaxe definitiva sen que se prevexa ningunha utilización ulterior, caso en que será tratado como residuo radioactivo.

- c) «Reprocesamento»: un proceso ou operación cuxo propósito é extraer isótopos radioactivos do combustible gastado para o seu uso ulterior.
- d) «Traslado»: o conxunto das operacións necesarias para desprazar residuos radioactivos ou combustible gastado desde o país ou Estado membro da Unión Europea de orixe ao país ou Estado membro da Unión Europea de destino.
- e) «Traslado intracomunitario»: o traslado en que o país de orixe e o país de destino son Estados membros.
- f) «Traslado extracomunitario»: o traslado en que o país de orixe, o país de destino ou ambos os dous son países terceiros.
- g) «Almacenaxe definitiva»: a colocación de residuos radioactivos ou combustible gastado nunha instalación autorizada, sen intención de recuperalos.
- h) «Almacenaxe»: a colocación de residuos radioactivos ou combustible gastado nunha instalación disposta para a súa contención, con intención de recuperalos.
- i) «Posuidor»: calquera persoa física ou xurídica que, antes de efectuar o traslado de residuos radioactivos ou combustible gastado, sexa responsable do dito material conforme o establecido no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e modificado polo Real decreto 35/2008, do 18 de xaneiro, e teña previsto efectuar o seu traslado a un destinatario.
- j) «Destinatario»: a persoa física ou xurídica a que se transfiren os residuos radioactivos ou o combustible gastado e que está capacitada para se facer responsable do dito material conforme o establecido no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, ou consonte a regulamentación equivalente aplicable no país ou Estado membro de destino.
- k) «País ou Estado membro de orixe» e «país ou Estado membro de destino»: respectivamente, calquera país ou Estado membro da Unión Europea desde o que estea previsto iniciar ou desde o que se iniciase un traslado, e calquera país ou Estado membro da Unión Europea ao cal estea previsto efectuar ou se efectúe un traslado.
- l) «País ou Estado membro de tránsito»: calquera país ou Estado membro da Unión Europea distinto do país ou Estado membro de orixe e do país ou Estado membro de destino, por cuxo territorio estea previsto ou teña lugar un traslado.
- m) «Autoridades competentes»: todas as autoridades que, conforme as disposicións legais ou regulamentarias do país de orixe, de tránsito ou de destino, estean habilitadas para aplicar o réxime de vixilancia e control dos traslados de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado.
- n) «Fonte»: aparello, substancia radioactiva ou instalación capaz de emitir radiacións ionizantes ou substancias radioactivas.
- o) «Fonte encapsulada»: fonte cunha estrutura que, en condicións normais de utilización, impide calquera dispersión de substancias radioactivas no ambiente, con inclusión, cando corresponda, da cápsula que contén o material radioactivo como parte integrante da fonte.
- p) «Fonte en desuso»: fonte encapsulada que se deixou de utilizar ou deixou de estar destinada para a práctica para os efectos da cal se concedeu a súa autorización.
- q) «Instalación recoñecida»: instalación autorizada para a almacenaxe a longo prazo ou definitiva de fontes encapsuladas, así como instalación autorizada para a almacenaxe provisional de fontes encapsuladas.
- r) «Solicitud debidamente formalizada»: o documento uniforme que cumpre todos os requisitos a que se refire o artigo 5.

Artigo 5. *Utilización dun documento uniforme.*

1. Para todos os traslados aos cales se aplique este real decreto utilizaranse as seccións que correspondan dun documento uniforme, no cal se enumeran os requisitos mínimos para que unha solicitude se considere debidamente formalizada.

De conformidade coa Decisión da Comisión 2008/312/EURATOM, do 5 de marzo, pola que se establece o documento uniforme para a vixilancia e o control dos traslados de residuos radioactivos e combustible gastado ao cal se refire a Directiva 2006/117/

EURATOM, do Consello, o documento uniforme a que se refire no parágrafo anterior será o que se insire como anexo a este real decreto.

O documento uniforme poderá ser facilitado en formato electrónico pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

2. Para cubrir a solicitude de autorización e para proporcionar toda a documentación e información complementaria a que se refiren os artigos 9 e 10, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou o Consello de Seguranza Nuclear poderán requirir a tradución ao español da documentación que se considere necesaria. Así mesmo, o posuidor presentará unha tradución autenticada nunha lingua aceptable para as autoridades competentes do país de destino ou de tránsito, se así o solicitaren.

3. Calquera requisito adicional para a autorización dun traslado xuntarase ao documento uniforme.

4. Sen prexuízo de calquera outro documento de acompañamento exixido por outras disposicións xurídicas aplicables, todo traslado a que se aplique o disposto neste real decreto deberá ir acompañado do documento uniforme cuberto que certifique que se cumpriu debidamente o procedemento de autorización, mesmo nos casos en que unha autorización cubra máis dun traslado.

5. Estes documentos estarán á disposición das autoridades competentes do país de orixe e destino, e de todos os países de tránsito.

Artigo 6. *Autoridades competentes.*

Para os efectos deste real decreto teñen a condición de autoridades competentes o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Consello de Seguranza Nuclear.

Artigo 7. *Recursos contra as resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.*

As resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas previstas neste real decreto non poñen fin á vía administrativa. Contra elas poderase interpor recurso de alzada ante o secretario xeral de Enerxía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Non realización do traslado.*

1. Cando España sexa Estado membro de orixe, tránsito ou destino dun traslado, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por propia iniciativa ou por proposta do Consello de Seguranza Nuclear, poderá decidir que o traslado non se leve a termo se as condicións do traslado deixan de se ater ao disposto neste real decreto, ou se non son conformes coas autorizacións ou consentimentos dados consonte este real decreto ou a normativa vixente na materia. A dita dirección xeral informará inmediatamente as autoridades competentes dos demais Estados membros implicados no traslado da súa decisión.

2. Cando España sexa o Estado membro de orixe e non se poida levar a termo un traslado ou non se cumpran as condicións para o dito traslado consonte este real decreto, o posuidor dos residuos radioactivos ou do combustible gastado deberá volver facerse cargo deles, salvo que se poida concertar un acordo alternativo que conte coa cualificación favorable do Consello de Seguranza Nuclear. Este organismo asegurarse de que a persoa responsable do traslado adopte, de procederen, medidas de seguranza correctivas.

3. Cando un traslado non se poida levar a termo, xa sexa por razóns materiais ou por falta de autorización, será responsable dos custos que ocasione este feito:

a) Nos traslados intracomunitarios: o posuidor. Cando España sexa Estado membro de destino, o destinatario deberá subscribir un acordo co posuidor, en que este se obrigue a se facer cargo dos ditos custos.

b) Nos traslados extracomunitarios:

1.º Cando España sexa Estado membro de orixe, o posuidor.

2.º Cando España sexa Estado membro de tránsito, a persoa física ou xurídica responsable de xestionar o traslado.

3.º Cando España sexa o Estado membro de destino, o destinatario.

CAPÍTULO II

Traslados intracomunitarios

Artigo 9. *Solicitud de autorización dun traslado.*

Todo posuidor de residuos radioactivos ou de combustible gastado que prevexa efectuar un traslado intracomunitario desde España do dito material, ou organizar o dito traslado, requirirá a autorización da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe favorable do Consello de Seguranza Nuclear. Para estes efectos, o solicitante cubrirá, segundo corresponda, as seccións A-1 e A-5 ou B-1 e B-5 do documento uniforme a que se refire o artigo 5 e remitirá a solicitude á dita dirección xeral.

Artigo 10. *Solicitud de autorización de máis dun traslado.*

Unha solicitude de autorización poderase referir a máis dun traslado sempre que, de forma concorrente, se dean as seguintes condicións:

a) Os residuos radioactivos ou o combustible gastado a que se refira a solicitude presenten no esencial as mesmas características físicas, químicas e radioactivas,

b) Os traslados vaian efectuarse do mesmo posuidor ao mesmo destinatario coa intervención das mesmas autoridades competentes e

c) No caso dos traslados que impliquen o tránsito por países terceiros, o dito tránsito se efectúe polo mesmo posto fronteirizo de entrada ou de saída da Unión Europea e polo mesmo posto fronteirizo do país ou países terceiros correspondentes, salvo que as autoridades competentes interesadas acorden o contrario.

Artigo 11. *Remisión da solicitude ás autoridades competentes.*

Cando España sexa o Estado membro de orixe, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas:

a) Enviará a solicitude debidamente cuberta a que se refire o artigo 9 ás autoridades competentes do Estado membro de destino e dos Estados membros de tránsito, se os houber, para que poidan dar o seu consentimento.

b) No caso de que calquera das autoridades competentes dos Estados membros afectados considere que a solicitude non está debidamente cuberta, pedíralle ao interesado a información complementaria que falte e remitírallela ás ditas autoridades competentes.

c) Tomará as medidas necesarias para garantir que toda a información relativa aos traslados regulados por este real decreto se tramite coa debida dilixencia e se protexa de calquera utilización incorrecta.

d) Se é o caso, promoverá que, polos procedementos legalmente establecidos, se poñan en coñecemento de Comisión Europea os atrasos inxustificadas ou a falta de cooperación das autoridades competentes do Estado membro de destino e dos Estados membros de tránsito.

Artigo 12. *Autorización do traslado.*

1. Cando España sexa o Estado membro de orixe, se se deron todos os consentimentos necesarios para o traslado, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de

informe favorable do Consello de Seguranza Nuclear, poderá autorizar o posuidor dos residuos radioactivos ou do combustible gastado a efectuar o traslado e informará diso as autoridades competentes do Estado membro de destino e, se é o caso, as dos Estados membros de tránsito. Para iso cubrirá, segundo corresponda, a sección A-4a/A-4b ou B-4a/4b do documento uniforme.

2. A autorización a que se refire o número 1 non afectará de ningún modo a responsabilidade do posuidor, dos transportistas, do propietario, do destinatario ou de calquera outra persoa física ou xurídica implicada no traslado.

3. Unha autorización poderase referir a máis dun traslado, sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 10.

4. Unha autorización non poderá ser válida e eficaz por tempo superior a tres anos. Ao establecer o período de validez e eficacia, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá en conta todas as condicións fixadas tanto polo Consello de Seguranza Nuclear como no consentimento dado polos Estados membros de destino ou de tránsito.

5. Calquera requisito adicional para a autorización dun traslado xuntarase ao documento uniforme.

Artigo 13. *Xustificante de recepción e solicitude de información.*

Cando España sexa Estado membro de tránsito ou destino, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas:

a) Nun prazo de 20 días desde a recepción da solicitude remitida pola autoridade competente do Estado membro de orixe verificará que a solicitude estea debidamente cuberta.

b) Se a solicitude está debidamente cuberta, enviará un xustificante de recepción ás autoridades competentes do Estado membro de orixe, mediante a correspondente sección A-2 ou B-2 do documento uniforme, con copia ás demais autoridades competentes afectadas, como moi tarde 10 días despois do vencemento do prazo de 20 días fixado na letra a).

c) Se considera que a solicitude non está debidamente cuberta, pedirá a información que falte ás autoridades competentes do Estado membro de orixe e informará as demais autoridades competentes da dita petición. Esta petición de información deberase realizar dentro do prazo de 20 días fixado na letra a).

Nun prazo máximo de 10 días a partir da data de recepción da información solicitada, e como moi cedo despois do vencemento do prazo de 20 días fixado na letra a), enviará un xustificante de recepción ás autoridades competentes do Estado membro de orixe, mediante a correspondente sección A-2 ou B-2 do documento uniforme, con copia ás demais autoridades competentes afectadas.

Artigo 14. *Consentimento e denegación.*

Cando España sexa Estado membro de tránsito ou de destino:

a) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, nun prazo máximo de dous meses a partir da data do xustificante de recepción, notificaralles ás autoridades competentes do Estado membro de orixe o seu consentimento, as condicións que considera necesarias para dalo ou a súa decisión de denegar o consentimento, mediante a sección A-3 ou B-3 do documento uniforme, segundo proceda.

Non obstante, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderalles solicitar ás ditas autoridades unha prórroga, dun mes como máximo, do prazo establecido no parágrafo anterior para dar a coñecer a súa posición.

b) Considerarase que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas deu o seu consentimento ao traslado solicitado se, tras o vencemento dos prazos fixados na letra a), as autoridades competentes do Estado membro de orixe non recibisen a súa resposta.

c) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, indicará os motivos da denegación do seu consentimento ou de calquera condición a que supedite o seu consentimento. Estes motivos basearanse:

1.º Se España é Estado membro de tránsito, na lexislación nacional, comunitaria ou internacional aplicable ao transporte de materiais radioactivos;

2.º Se España é o Estado membro de destino, na lexislación aplicable á xestión de residuos radioactivos ou do combustible gastado ou na lexislación nacional, comunitaria ou internacional aplicable ao transporte de materiais radioactivos.

As condicións de traslado que impoña a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, non poderán ser máis estritas ca as establecidas para os traslados similares que se efectúen dentro de España.

d) En todo caso, antes de dar o seu consentimento, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comprobará que o destinatario subscribise co posuidor un acordo, aceptado polas autoridades competentes do Estado membro de orixe, que obrigue o posuidor a recuperar os residuos radioactivos ou o combustible gastado se o traslado non se pode levar a termo de conformidade con este real decreto, segundo o disposto no artigo 8.1, e a se facer cargo dos custos que isto supoña.

e) Cando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dese o seu consentimento ao tránsito para un traslado determinado, non poderá denegar o consentimento para a súa devolución nos casos seguintes:

1.º Cando o consentimento inicial se referise a materias trasladadas con fins de procesamento ou reprocesamento, se a devolución se refire a residuos radioactivos ou a outros produtos equivalentes ás materias orixinais tras o procesamento ou reprocesamento, e de se cumprir toda a normativa pertinente;

2.º Nas circunstancias descritas no artigo 8, se a devolución se leva a cabo nas mesmas condicións e coas mesmas especificacións.

Artigo 15. *Xustificante de recepción do envío.*

1. Cando España sexa o Estado membro de destino, nun prazo de 15 días a partir da súa recepción, o destinatario enviará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas un xustificante de recepción de cada envío, mediante a correspondente sección A-6 ou B-6 do documento uniforme. A dita dirección xeral remitirá copia da notificación do xustificante de recepción ao Consello de Seguranza Nuclear e ás autoridades competentes do Estado membro de orixe e, se é o caso, ás dos Estados membros de tránsito.

2. Cando España sexa o Estado membro de orixe e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas reciba copia do xustificante de recepción procedente da autoridade competente do Estado membro de destino, a dita dirección xeral enviará pola súa vez copia deste ao Consello de Seguranza Nuclear e ao posuidor do material obxecto do traslado.

CAPÍTULO III

Traslados extracomunitarios

Artigo 16. *Importacións á Unión Europea cando España sexa o Estado membro de destino.*

Cando España sexa o Estado membro de destino de residuos radioactivos ou combustible gastado que procedan dun país que non sexa membro da Unión Europea:

a) O destinatario deberá presentar ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha solicitude de autorización, para o cal fará uso, segundo corresponda, das seccións A-1 e A-5 ou B-1 e B-5 do documento uniforme. A solicitude poderá ser para máis dun traslado, sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 10.

b) Na solicitude acreditarase que o destinatario subscribiu co posuidor establecido no país terceiro un acordo, aceptado polas autoridades competentes do dito país terceiro, que obriga o posuidor a recuperar os residuos radioactivos ou o combustible gastado se o traslado non se pode levar a termo de conformidade con este real decreto, segundo o disposto no artigo 8.1. Neste caso, o destinatario será responsable dos custos que ocasione o feito de que o traslado non se poida levar a termo.

c) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas enviará a solicitude a que se refire a letra a) ás autoridades competentes dos Estados membros de tránsito, se os houber, para que poidan dar o seu consentimento. Neste suposto, as regras de procedemento respecto da concesión da autorización de traslado, das súas características e do xustificante de recepción serán as establecidas no capítulo II deste real decreto, actuando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas coma se fose a autoridade competente do Estado membro de orixe.

d) Nun prazo de 15 días tras a recepción do traslado, o destinatario enviará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas un xustificante de recepción de cada envío, mediante a correspondente sección A-6 ou B-6 do documento uniforme. Esta dirección xeral enviará copias do xustificante de recepción ao Consello de Seguranza Nuclear e ás autoridades competentes do país de orixe e ás dos Estados membros ou países terceiros de tránsito.

Artigo 17. *Tránsito pola Unión Europea.*

1. Cando os residuos radioactivos ou o combustible gastado procedan e vaian destinados a un país terceiro e o posto fronteirizo polo que vaian entrar estes materiais por primeira vez na Unión Europea sexa español:

a) A persoa física ou xurídica responsable de xestionar o traslado en España deberá presentar ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha solicitude de autorización, para o cal fará uso, segundo corresponda, das seccións A-1 e A-5 ou B-1 e B-5 do documento uniforme.

b) Na solicitude acreditarase que o destinatario establecido no país terceiro subscribiu co posuidor establecido no país terceiro de orixe un acordo, aceptado polas autoridades competentes do dito país terceiro de orixe, que obriga o posuidor a recuperar os residuos radioactivos ou o combustible gastado se o traslado non se pode levar a termo de conformidade con este real decreto, segundo o disposto no artigo 8.1.

c) O procedemento de concesión da autorización de traslado e, se é o caso, as características desta e o procedemento de xustificante de recepción serán os establecidos no capítulo II, actuando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas coma se fose a autoridade competente do Estado membro de orixe en relación co Estado ou Estados membros de tránsito.

d) A persoa física ou xurídica responsable, a que se refire a letra a) deberá notificar, mediante a sección A-6 ou B-6 do documento uniforme, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que os residuos radioactivos ou o combustible gastado chegaron ao seu destino no país terceiro nun prazo de 15 días tras a data de chegada, indicando o último posto fronteirizo comunitario polo cal pasase o traslado. A dita notificación irá acompañada dunha declaración ou certificación do destinatario en que se confirme que os residuos radioactivos ou o combustible gastado chegaron ao destino correspondente e se indique o posto fronteirizo de entrada no país terceiro.

2. Cando os residuos radioactivos ou o combustible gastado procedan e vaian destinados a un país terceiro e o posto fronteirizo por que vaian entrar estes materiais por primeira vez na Unión Europea non sexa español, o procedemento de concesión da autorización de tránsito e, se é o caso, as súas características serán os establecidos no capítulo II, actuando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas coa condición de autoridade competente de Estado membro de tránsito, en relación co Estado membro por que entraron os materiais por primeira vez na Unión Europea.

Artigo 18. *Exportacións fóra da Unión Europea cando España sexa o Estado membro de orixe.*

Cando España sexa o Estado membro de orixe dunha exportación de residuos radioactivos ou de combustible gastado a un país que non sexa membro da Unión Europea:

a) O posuidor deberá presentar ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha solicitude de autorización, para o cal fará uso, segundo corresponda, das seccións A-1 e A-5 ou B-1 e B-5 do documento uniforme.

b) A seguir, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas:

1.º Informará do traslado previsto ás autoridades competentes do país de destino e solicitará o seu consentimento.

2.º Aplicará o procedemento de concesión de autorización e xustificante de recepción regulado no capítulo II, actuando na condición de autoridade competente do Estado membro de orixe en relación co Estado ou Estados membros de tránsito.

c) O posuidor deberá notificar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que os residuos radioactivos ou o combustible gastado chegaron ao seu destino no país terceiro, mediante a sección A-6 ou B-6 do documento uniforme, nun prazo de 15 días tras a data de chegada, indicando o último posto fronteirizo comunitario por que pasase o traslado. Esa notificación irá acompañada dunha declaración ou certificación do destinatario na cal se confirme que os residuos radioactivos ou o combustible gastado chegaron ao destino correspondente e se indique o posto fronteirizo de entrada no país terceiro.

Artigo 19. *Destinos non autorizados.*

Non se autorizarán traslados a:

a) Ningún destino situado ao sur dos 60° de latitude sur.

b) Un Estado que sexa parte no Acordo de asociación entre os Estados de África, do Caribe e do Pacífico, por unha parte, e a Unión Europea e os seus Estados membros, por outra (Acordo ACP-CE de Cotonú), e que non sexa un Estado membro, sen prexuízo do disposto no artigo 2.

c) Un país terceiro que, a xuízo da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, tendo en conta os criterios recomendados pola Comisión Europea, non posúa os recursos técnicos e administrativos nin a estrutura regulamentaria necesaria para xestionar con seguranza os residuos radioactivos ou o combustible gastado, segundo o disposto na Convención conxunta sobre seguranza na xestión do combustible gastado e sobre seguranza na xestión de residuos radioactivos, feita en Viena o 5 de setembro de 1997 e ratificada por España con data do 30 de abril de 1999.

Ao se formar un xuízo a este respecto, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá debidamente en conta toda a información pertinente procedente doutros Estados membros.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas todos os anos informará a este respecto a Comisión Europea e o Comité Consultivo creado en virtude do artigo 21 da Directiva 2006/117/EURATOM.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 20. *Réxime sancionador.*

As infraccións dos preceptos contidos neste real decreto serán sancionadas de acordo co establecido no capítulo XIV da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, na

redacción dada no número 12 do artigo único da Lei 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear.

Disposición adicional única. *Colaboración entre administracións.*

As administracións públicas manterán as necesarias relacións de colaboración no ámbito relacionado coas materias deste real decreto, de acordo cos principios establecidos para o efecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única. *Procedementos xa iniciados ou autorizados.*

No caso de que España sexa o Estado membro de orixe:

1. Se a autorización xa foi concedida ou a solicitude foi presentada ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes da entrada en vigor deste real decreto, será aplicable a todas as operacións de traslado cubertas pola autorización o Real decreto 2088/1994, do 20 de outubro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 92/3/EURATOM do Consello, relativa á vixilancia e control dos traslados de residuos radioactivos entre Estados membros ou procedentes ou con destino ao exterior da Comunidade.

2. Ao decidir sobre as solicitudes de autorización presentadas antes da entrada en vigor deste real decreto que se refiran a máis dun traslado de residuos radioactivos ou combustible gastado a un país terceiro de destino, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas terá en conta todas as circunstancias pertinentes, e en particular:

- a) O calendario previsto para a realización de todos os traslados cubertos pola mesma solicitude;
- b) A xustificación dada para incluír todos os traslados na mesma solicitude;
- c) A conveniencia de autorizar un número de traslados inferior ao cuberto pola solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2088/1994, do 20 de outubro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 92/3/EURATOM do Consello, relativa á vixilancia e control dos traslados de residuos radioactivos entre Estados membros ou procedentes ou con destino ao exterior da Comunidade.

En xeral, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións que resulten indispensables para asegurar a adecuada execución e aplicación deste real decreto.

Así mesmo, facúltase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para modificar o documento uniforme, que figura no seu anexo, coa finalidade de mantelo adaptado ás actualizacións que, se é o caso, leve a cabo a Comisión Europea, unha vez que fosen publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. O Consello de Seguranza Nuclear poderá ditar instrucións, circulares e guías de carácter técnico para a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2006/117/EURATOM do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativa á vixilancia e ao control dos traslados de residuos radioactivos e combustible nuclear gastado, e a Decisión da Comisión 2008/312/EURATOM, do 5 de marzo, pola que se establece o documento uniforme para a vixilancia e o control dos traslados de residuos radioactivos e combustible gastado a que se refire a Directiva 2006/117/EURATOM, do Consello.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

ANEXO

Documento uniforme para a vixilancia e o control dos traslados de residuos radioactivos e combustible gastado

(Decisión da Comisión 2008/312/EURATOM, do 5 de marzo)

Notas xerais:

Seccións A-1 á A-6: cubriranse para os traslados de residuos radioactivos.

Seccións B-1 á B-6: cubriranse para os traslados de combustible gastado (incluído o combustible gastado destinado á súa almacenaxe definitiva e, como tal, encadrado na categoría de residuo).

Sección A-1 ou B-1 (solicitude de autorización de traslado): será cuberta polo solicitante, é dicir, dependendo do tipo de traslado:

- polo posuidor, no caso de traslado entre Estados membros (tipo MM) ou de exportación da Comunidade a un país terceiro (tipo ME),
- polo destinatario, no caso de importación á Comunidade desde un país terceiro (tipo IM),
- pola persoa responsable do traslado no Estado membro por que entran na Comunidade os residuos radioactivos ou o combustible gastado no caso de tránsito a través da Comunidade (tipo TT).

Sección A-2 ou B-2 (xustificante de recepción da solicitude): será cuberta polas autoridades competentes que correspondan, que serán, dependendo do tipo de traslado, as autoridades competentes:

- de orixe, no caso dun traslado de tipo MM ou ME,
- de destino, no caso dun traslado de tipo IM,
- do lugar de entrada por primeira vez na Comunidade no caso dun traslado de tipo TT,

e todas as autoridades competentes do Estado membro de tránsito, de habelo.

Sección A-3 ou B-3 (denegación ou consentimento): será cuberta por todas as autoridades competentes afectadas.

Sección A-4a/A-4b ou B-4a/B-4b (autorización ou denegación de traslado): será cuberta pola autoridade competente responsable de conceder a autorización, que é, dependendo do tipo de traslado, a autoridade competente:

- do Estado membro de orixe, no caso de traslados de tipo MM e ME,
- do Estado membro de destino, no caso de traslados de tipo IM,
- do primeiro Estado membro de tránsito polo cal se produce a entrada na Comunidade, no caso de traslados de tipo TT.

Sección A-5 ou B-5 (descrición do envío/lista de vultos): será cuberta polo solicitante a que se refiren as seccións A-1 ou B-1.

Sección A-6 ou B-6 (xustificante de recepción do traslado): será cuberta polo destinatario (no caso de traslados de tipo MM e IM), polo posuidor (no caso de traslados ME) ou pola persoa responsable do traslado (no caso de traslados TT).

SECCIÓN A-1

Solicitud de autorización de traslado(s) de residuos radioactivos

1.	Tipo de traslado (márquese o cadro correspondente): <input type="checkbox"/> Tipo MM: traslado entre Estados membros (a través dun ou máis Estados membros ou países terceiros) <input type="checkbox"/> Tipo IM: importación na Comunidade <input type="checkbox"/> Tipo ME: exportación fóra da Comunidade <input type="checkbox"/> Tipo TT: tránsito a través da Comunidade
2.	Solicitud de autorización para (márquese o cadro correspondente): <input type="checkbox"/> un único traslado _____ Período de execución previsto _____ <input type="checkbox"/> varios traslados: número (previsto): _____ Período de execución previsto _____
3.	<input type="checkbox"/> Non aplicable <input type="checkbox"/> Traslado(s) de tipo MM a través dun ou máis países terceiros: Posto fronteirizo de saída da Comunidade (*): _____ Posto fronteirizo de entrada no país terceiro (*) (primeiro país atravesado): _____ Posto fronteirizo de saída do país terceiro (*) (último país atravesado): _____ Posto fronteirizo de reingreso na Comunidade(*): _____ (*) Estes postos fronteirizos deben ser idénticos para todos os traslados cubertos pola solicitude, salvo disposicións contrarias acordadas entre as autoridades competentes.
4.	Solicitante (razón social): _____ <input type="checkbox"/> Posuidor (para os tipos MM e ME). <input type="checkbox"/> Destinatario (para o tipo IM). <input type="checkbox"/> Outro (para o tipo TT), que se especifica: _____ Enderezo: _____ Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____ Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____ Persoa de contacto: Sr./Sra. _____
5.	Localización dos residuos radioactivos antes do traslado (razón social): _____ Enderezo: _____ Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____ Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____ Persoa de contacto: Sr./Sra. _____
6.	Destinatario (razón social): _____ Enderezo: _____ Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____ Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____ Persoa de contacto: Sr./Sra. _____
7.	Localización dos residuos radioactivos despois do traslado: _____ Enderezo: _____ Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____ Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____ Persoa de contacto: Sr./Sra. _____

8.	<p>Natureza dos residuos radioactivos: _____</p> <p>Características físicoquímicas (márquese o cadro correspondente): <input type="checkbox"/> sólido, <input type="checkbox"/> líquido, <input type="checkbox"/> gasoso, <input type="checkbox"/> outro (por exemplo, fisionable, de baixa dispersión,..), que se especifica: Principais radionúclidos: _____</p> <p>Actividade alfa máxima por traslado (GBq): _____ por vulto (GBq): _____</p> <p>Actividade beta/gamma máxima por traslado (GBq): _____ por vulto (GBq): _____</p> <p>Actividade alfa total (GBq): _____</p> <p>Actividade beta/gamma total (GBq): _____</p> <p>(Se a solicitude se refire a varios traslados, estes valores serán estimacións)</p>			
9.	<p>Número total de vultos: _____</p> <p>Masa neta total do traslado (kg): _____</p> <p>Masa bruta total do traslado (kg): _____</p> <p>(Se a solicitude se refire a varios traslados, estes valores serán estimacións)</p> <p>Descrición do envío: <input type="checkbox"/> bolsas de plástico, <input type="checkbox"/> barrís metálicos (m³): _____, <input type="checkbox"/> contedores ISO para transporte (m³): _____, <input type="checkbox"/> outros (especificuense): _____</p> <p>Tipo de vulto (1) (se se coñece): _____</p> <p>Maneira de identificar os vultos (se van etiquetados, xúntense exemplos): _____</p> <p>(1) Segundo o Regulamento para o transporte seguro de materiais radioactivos, edición de 2005, Requisitos de seguranza nº TS-R-1. OIEA, Viena, 2005.</p>			
10.	<p>Tipo de actividade xeradora dos residuos radioactivos (márquese o cadro correspondente): <input type="checkbox"/> medicina, <input type="checkbox"/> investigación, <input type="checkbox"/> industria (non nuclear), <input type="checkbox"/> industria nuclear, <input type="checkbox"/> outra actividade (especificuense): _____</p>			
11.	<p>Finalidade do traslado: <input type="checkbox"/> Retorno dos residuos radioactivos tras (re)tratamento ou reprocesamento de combustible gastado <input type="checkbox"/> Retorno dos residuos radioactivos tras tratamento dos residuos radioactivos <input type="checkbox"/> Tratamento, por exemplo, (re)embalaxe, acondicionamento, redución de volume <input type="checkbox"/> Almacenaxe provisional <input type="checkbox"/> Retorno despois de almacenaxe provisional <input type="checkbox"/> Almacenaxe definitiva <input type="checkbox"/> Outros fins (especificuense): _____</p>			
12.	<p>Modo de transporte proposto (estrada, ferrocarril, vía marítima, aérea ou navegable)</p>	<p>Punto de partida</p>	<p>Punto de chegada</p>	<p>Transportista proposto (se se coñece)</p>
	1.			
	2.			
	3.			
	4.			
	5.			
	6.			
	7.			
	8.			

SECCIÓN A-2

Xustificante de recepción dunha solicitude de traslado de residuos radioactivos – petición de información non facilitada

15.	<p>Nome da autoridade competente responsable de conceder a autorización: _____</p> <p>Estado membro _____</p> <p><input type="checkbox"/> de orixe ⁽¹⁾, <input type="checkbox"/> de destino ⁽²⁾, <input type="checkbox"/> polo que o envío entra por primeira vez na Comunidade ⁽³⁾</p> <p>Enderezo: _____</p> <p>Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____</p> <p>Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____</p> <p>Persoa de contacto: Sr./Sra. _____</p> <hr/> <p>Data de recepción rexistro: _____ (dd/mm/aaaa)</p> <p>⁽¹⁾ No caso de traslado de tipo MM ou de tipo ME. ⁽²⁾ No caso de traslado de tipo IM. ⁽³⁾ No caso de traslado de tipo TT.</p>
16.	<p>Nome da autoridade competente afectada: _____</p> <p>Estado membro ou país (márquese o cadro correspondente) <input type="checkbox"/> de destino, <input type="checkbox"/> de tránsito, <input type="checkbox"/> polo que o envío entra por primeira vez na Comunidade ou <input type="checkbox"/> de orixe ⁽¹⁾: _____</p> <p>Enderezo: _____</p> <p>Código postal: _____ Poboación: _____ País: _____</p> <p>Tel: _____ Telefax: _____ Enderezo electrónico: _____</p> <p>Persoa de contacto: Sr./Sra. _____</p> <p>⁽¹⁾ Non exixido pola directiva; pódese consultar voluntariamente o país de orixe no caso de traslados de tipo TT e IM.</p>
17.	<p>De conformidade co disposto na Directiva 2006/117/Euratom, quen asina considera a solicitude de _____ (dd/mm/aaa), recibida o _____ (dd/mm/aaa)</p> <p>a) (*) non cuberta debidamente e solicita que se achegue a seguinte información: [Xúntese a lista completa da información non facilitada (puntos), se non hai espazo suficiente]</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <hr/> <p>(Data e lugar) (Selo) (Sinatura)</p> <p>b) (*) debidamente cuberta e emite xustificante de recepción dela.</p> <hr/> <p>(Data e lugar) (Selo) (Sinatura)</p> <p>(*) Só será aplicable unha das epígrafes marcadas con asterisco: rísqese o que non proceda.</p>

SECCIÓN A-3

Denegación ou consentimento do traslado de residuos radioactivos polas autoridades competentes afectadas

